

Comisión Central de Formación e Formación para o Emprego

ISM

29/11/2023

CURSOS FORMACIÓN ISM 2024

Na xuntanza desta comisión o ISM expuxo as accións formativas que conformarán o Plan de Formación para 2024, tanto os cursos financiados polo INAP como aqueles outros, dirixidos á formación no posto de traballo que se financiarán con fondos propios da Entidade.

Cursos financiados polo INAP

O ISM presenta a proposta de cursos do plan FEDAP (Formación para o Emprego, financiados polo INAP) para 2024, e que a **CIG** supervisará para que a selección dos/das participantes nos mesmos se faga de acordo aos criterios de selección aprobados nesta Comisión.

A **CIG** fixo observacións en relación aos cursos FEDAP 2024, ás persoas que non foron seleccionadas para participar en determinados cursos con alta demanda, para que se os volven a solicitar en 2024 teñan prioridade.

Outra das reivindicacións da **CIG** nesta xuntanza foi que o ISM revise a redacción das fichas dos cursos para que inclúan na súa redacción ás direccións locais e centros nacionais de formación marítima.

Os cursos FEDAP aprobados nesta comisión son:

- Políticas de igualdade e conciliación
- Acoso sexual
- Atención ao cidadán culturalmente diverso
- Intelixencia artificial
- Mindfulness
- Taller de autocoñecemento e autocontrol
- Técnicas de concentración e memoria
- Conflitos laborais e estrés laboral
- Patoloxías da voz
- Intelixencia emocional
- Xestión de desafíos da vida, módulo 1
- Xestión de desafíos da vida, módulo 2

Cursos financiados polo ISM

Nesta xuntanza da Comisión central de formación, a Dirección do ISM tamén informou sobre aqueles cursos, financiados con fondos propios, que propoñen realizar no Plan de formación 2024 a proposta dós diferentes órganos do da entidade, e tendo en conta as enquisas sobre necesidades de formación realizadas polo persoal do ISM.

A **CIG** fixo varias alegacións en relación a quen ían dirixidas determinadas accións formativas, a súa duración (mínimo 15 h) e tamén sobre a selección das persoas que poden impartir estes cursos, coa finalidade de que o ISM abra unha bolsa para que aquelas persoas interesadas en impartir formación poidan anotarse.

Ademais, para ambos tipos de cursos, a **CIG** propuxo que se impartan algúns deles no Centro Nacional de Formación de Bamio para paliar as dificultades que sofre o persoal para atopar aloxamento polo raquíptico prezo de dietas que se pagan. Igualmente propuxemos que se aumente o tempo de compensación para as persoas que se despracen para facer cursos, poidan compensar o tempo persoal que utilizan e tamén engadir un aliciente para que o persoal se forme.

Seguiremos informando